

1. Crédito definitivo do Centro.

O crédito definitivo asignado á Facultade de Dereito nas diferentes partidas presupostarias durante o exercicio económico do ano 2012 foi o que se reflexa na Táboa 1

Aplicación	Denominación	Crédito inicial	Crédito definitivo	Crédito a 31/12/12
21	Reparación, Mantemento e Conservación maquinaria	1.900	20.538,70	26,87
220	Material de oficina	16.172	7.172	0
222	Comunicacións	4.500	4.500	0
221.02	Subministrados de docencia	6.500	6.500	0
280.02	Calidade Docente	7.176,79	3.176,79	0
229.03	Delegación de Alumnos	2.500	2.500	0
229.04	Prácticas de campo	2.000	2.000	0
226.01	Atencións protocolarias	2.700	2.700	0,08
230	Axudas de custo	2.000	361,30	15,39
625	Mobiliario e Equipamento	19.500	15.500	0,39
626	Laboratorios Docentes	0	7.507,54	0

Táboa 1.- Créditos definitivos e saldos finais (2012)

2. Transferencias.

- Realizáronse as seguintes **transferencias**:
 - 9.000 € dende a aplicación 220 á 212, 1.638,70 € da 230 á 212, 4.000 € da 28002 á 212 e 4.000 € da 625 á 212 todas elas para reparacións e reforma de despachos e aulas do 3º e 4º andar da Facultade.

As partidas 220, 22102 e 222 vinculan a nivel de artigo 22 polo que poden compensar gastos entre elas.

3. Informacións adicionais.

625.- Mobiliario e Equipamento

Coas cantidades desta partida pagáronse principalmente:

Concepto	Gasto 2012
Mobiliario	11.132
Equipos informáticos	3.320
Equipos audiovisuais	635

Táboa 2.- Gastos partida 625

3.- Conclusións.

Como principal conclusión dos orzamentos do 2012 é necesario remarcar a importante dotación mediante transferencia para o artigo 21 para facer fronte á necesidade de adaptación de despachos e aulas da Facultade.